

ADDENDA NÚMERO 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA ABRIR FERROL AO MAR. SEGUNDA FASE DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA E PORTUARIA DA CIDADE DE FERROL

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José Manuel Rey Varela, na súa condición de alcalde do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

O 29 de decembro de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para abrilo ao mar, segunda fase das actuacións de fomento da mobilidade sostible na fachada marítima e portuaria da cidade de Ferrol

Neste convenio a AXI comprometeuse a financiar a redacción dos proxectos das obras na súa totalidade e a execución das obras e o control e vixilancia nunha porcentaxe do 50%, destinando a contía máxima de **cinco millóns setecentos doce mil trescentos oitenta e cinco euros con vinte cinco céntimos** (5.712.385,25 €) IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-0001, coa seguinte distribución de anualidades:



Anualidade	Importe (€)
2024	1.212.385,25
2025	1.600.000,00
2026	1.600.000,00
2027	1.300.000,00
TOTAL	5.712.385,25

O 23 de outubro de 2024 o Concello de Ferrol solicita a sinatura dunha addenda na que se leve a cabo un axuste de anualidades. Basea a súa solicitude na imposibilidade de xustificar a anualidade 2024 dado que o contrato coa empresa adxudicataria para a redacción do plan director e dos proxectos básicos de execución e desenvolvemento do mesmo non estarán finalizados no ano en curso e propón pasar dita anualidade á última do convenio, a 2027.

A solicitude do Concello de Ferrol afecta á cláusula cuarta, relativa aos compromisos da AXI, e supón deixar a cero a anualidade corrente e pasar o seu importe á última anualidade do convenio.

En base aos argumentos e xustificación dada polo Concello de Ferrol é preciso asinar unha addenda ao convenio na que se modifique a cláusula cuarta para pasar a totalidade da anualidade 2024 a 2027, mantendo o resto das cláusulas a súa vixencia.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia,

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin de modificar a cláusula que queda coa seguinte redacción:

CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a redacción dos proxectos das obras na súa totalidade e a execución das obras e o control e vixilancia nunha porcentaxe do 50%, destinando a contía máxima de CINCO MILLÓNS SETECENTOS DOCE MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (5.712.385,25 €) IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-0001 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas.



O investimento distribúese nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2025	1.600.000,00
2026	1.600.000,00
2027	2.512.385,25
TOTAL	5.712.385,25

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O alcalde do Concello de Ferrol, José Manuel Rey Varela

